



CURSO

# MAN COMO PRODUTO TURÍSTICO

6 de xuño, 2015

Casa do Alemán. Camelle

Datas inscrición: ata o 31 de maio

Inscrición: tlf.: 677464164  
Mail: [datagestioncultural@gmail.com](mailto:datagestioncultural@gmail.com)



## CURSO

# MAN COMO PRODUTO TURÍSTICO

6 de xuño, 2015

Casa do Alemán. Camelle

## CURSO

### “MAN COMO PRODUTO TURÍSTICO”

“Mar, Arte e Natureza” é un proxecto GAC que desenvolve un produto turístico enraizado na comunidade costeira local mediante a posta en valor e recuperación dunha manifestación artística vencellada ao mar, a obra de Manfred Gnädinger.

Este novo proxecto ábrese a novas posibilidades dentro da oferta turística xa existente. O turismo artístico-cultural ven sendo tradicionalmente a principal fonte de atracción dos circuitos turísticos. Produtos artísticos arquitectónicos como monumentos megalíticos (Dolmen de Dombate), castros ou fortificacións como a do Soberano en Camariñas; ou museos (O Museo do Encaixe de Camariñas, o Faro de Cabo Vilán) son polos de interese dos visitantes.

A arte contemporánea forma parte tamén desta oferta cultural e dentro dela, atopase o movemento Arte e Natureza. Na localidade de Camelle, atópase unha das obras de arte

vinculadas a este movemento máis auténticas no panorama artístico internacional, a obra de Manfred Gnädinger, artista de orixe alemán que desenvolveu case a totalidade da súa obra no territorio costeiro do Concello de Camariñas.

Este curso está plantexado cun obxectivo básico: a formación dos residentes e voluntarios na divulgación do legado de Man. Para que coñezan o programa do proxecto e poidan informar e implicarse na posta en valor desta obra-legado.

## PROGRAMA

**10:00h.** Recepción de participantes e entrega de documentación

Sesión de mañá.

**10:30h.** Manfred Gnädinger: vida e obra no contexto do movemento artístico “Arte e Natureza”

**11:30h-12h.** Pausa para café

**12:00h.** A obra artística de Man: a súa exposición permanente

**13:00h.** Visita guiada á exposición permanente

**14:00h.** Descanso

Sesión de tarde.

**17:00h.** Metodoloxía para a difusión do produto MAN

**18:00h.** Quenda de preguntas dos participantes

## CONDICIÓNS

*Sede: Casa do Alemán. Camelle*

*Tarifas : GRATUÍTO*

*Inscrición: previa no teléfono 677 464 164 ou no correo electrónico [datagestioncultural@gmail.com](mailto:datagestioncultural@gmail.com)*

*Datas inscrición: ata o 31 de maio*

*Prazas: 30*

*Dirixido a: residentes, voluntarios, estudantes...*

*Dirección: Carmen Hermo*

*Organiza: Andrea Serodio Domínguez. Data Gestión Cultural*

O curso aloxarase na web do proxecto “MAN: mar, Arte e natureza” e darase acceso restrinxido aos usuarios da plataforma Moodle.

